> A Biblioteca Escolar como principal centro de recursos para a obtención de información (libros de imaxes, literatura infantil, enciclopedias visuais...). Esta información debe ser de todo tipo: textos escritos, vídeos, imaxes, páxinas web, carteis...e será a base para o comezo das actividades da aula en forma de recunchos de actividade, talleres, asembleas, actividade individual... (Agrupamentos varios).

-Organización do traballo: a nosa tarefa será organizar e secuenciar as actividades, recantos, actividades grupais ou individuais, saídas, visitas de expertos, talleres... Tamén organizar e distribuír os materiais necesarios, os espazos e os agrupamentos.

-Desenvolvemento das propostas: todas as actividades que realicemos terán un espazo específico. Os espazos estarán organizados de tal forma que en ningún momento teñamos problemas de aglomeracións ou falta de material. Devanditos espazos serán as zonas da aula na que se sitúan os distintos recantos. Estarán claramente diferenciados uns doutros, sinalizados con carteis, con debuxos e letra (maiúsculas) para que os identifiquen con facilidade. (Grupos cooperativos).

-Avaliación do proxecto: á hora de que avaliar non nos centraremos só nos obxectivos formulados senón tamén en como se desenvolveu todo o proceso de investigación-aprendizaxe: se se axustaron os tempos deseñados para cada

actividade, se os materiais foron os adecuados, se a motivación e implicación dos nenos e nenas e as familias mantívose ao longo de todo o proxecto... No como avaliar, deberase contar con diferentes recursos: diario de aula, traballos dos alumnos e alumnas, gravacións de audio e vídeo (previa autorización das familias ou titores legais), transcripcións literais de conversacións, observación dos seus xogos...

En todo momento e fases do proxecto dispoñeráse de:

- > Instrumento de rexistro durante todo o proceso (diario de aula).
- > Un espazo para os materiais elaborados: vídeos, libros, etc.
- > Utilizaranse escalas de observación e en ocasións rúbricas de avaliación.

\*Proxectos anuais (PDI: Sementar, sementarei e PDI: O REI LEÓN): seguiremos a estratexia descrita para as UDIs xa que se desenvolverán do mesmo xeito coa diferenza temporal xa que a súa duración será durante todo o curso escolar.

Procuraremos complementar o horto escolar co coidado de galiñas de raza autóctona. Con esta acción, que se enmarca perfectamente coa liña metodolóxica do Cabada Vázquez, pechamos o ciclo do noso horto escolar xa que teremos que plantar as coles e o millo para que as galiñas teñan alimento, ao tempo que aproveitaremos o seu esterco para mellorar o compost que producimos na escola.

\*Eventos e datas significativas propias da aula: estamos a referirnos a celebracións como os aniversarios, magosto, Samaín... as estacións do ano, Nadal, etc.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
RERCURSOS PERSOIAS.
RECURSOS FÍSICOS.
RECURSOS DO CONTORNO.
MATERIAL DE AULA.

RECURSOS PERSOAIS: relativo ao persoal que desenvolve a súa labor no centro educativo: titores e titoras, mestres especialistas, persoal de limpeza, conserxe, empregados do concello que axudan na conservación do centro e das aulas, as familias dos nenos e nenas (tanto de forma directa como indirecta) ou a propia Asociación de Nais e Pais do Alumnado do centro. No centro cóntase coa presenza na aula de especialistas en:

- Aproximación a unha lingua estranxeira (inglés).
- Relixión.
- Audición e linguaxe. (sesión de estimulación temperá da linguaxe PELO).
- Xefe do Departamento de Orientación (Orientador compartido con outro centro próximo).
- Especialista en A.L.
- Especialista de P.T.
- Especialista en E.F.
- Especialista en Música.

RECURSOS FÍSICOS: as propias aulas e mobiliario, os corredores, aulas de especialidades (aula de psicomotricidade, aula de música, aula de inglés), a biblioteca do centro (contextos), o patio (zona de herba, areeiro), aulas dos mestres de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica, a sala de mestres, etc.

RECURSOS DO CONTORNO: por un lado a nivel institucional, en colaboración coa comunidade educativa, cóntase con recursos como a biblioteca municipal, a oficina de correos, así como outros non pertencentes ao concello; institucións, asociacións, como editoriais (Kalandraka, OQO...), grupos de teatro, contacontos e maxia; a Dirección Xeral de Tráfico... Por outra banda, cando falamos de recursos do contorno, referímonos tamén aos recursos e materiais da natureza recollidos e presentes no contorno: follas, pedras, terra, paos, vento, sol, luz, choiva, herba, ou incluso traídos da casa.

MATERIAL DE AULA, tanto funxible (papeis, ceras, lápices, gomas, pinturas variadas, cartolinas, etc.) como non funxible (contos, crebacabezas, xogos de lóxico-matemática, construcións, material de xogo simbólico e de lectoescritura) sendo necesario para desenvolver as tarefas e proxectos e levar a cabo a aprendizaxe. A maiores tamén empregaremos material de refugallo formando parte, moitos deles, do entorno doméstico e natural das familias e da escola, como: papel prata, botes de iogures, zumes, bebibles, botes de colacao, tubos de papel hixiénico, teas, lá, etc. Contamos tamén con material audiovisual, pois todas as aulas contan con un ordenador con conexión a internet e unha pizarra dixital e dúas tablet. Así como tamén o emprego de materiais traídos da casa, froito do traballo de investigación e pescuda de información para os proxectos: libros, fotografías, información de Internet, debuxos. Debido á metodoloxía do centro, non serán empregados libros de editoriais.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno.

Subliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación (sen dificultade, en proceso, con dificultade), de forma que o alumnado obterá a súa calificación en función do grado de consecución observado pola mestra ou mestre.

### Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

## 6. Medidas de atención á diversidade

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOMLOE), establece que a intervención educativa debe contemplar como principio básico a diversidade do alumnado, adaptando as prácticas educativas ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e nenas.

A Orde do 22 de xullo de 1997 recórdanos que a atención á diversidade afecta ao conxunto do alumnado e non soamente a alumnos con necesidades específicas de apoio educativo, e debe estar presente en todas e cada unha das variables que figuran na programación.

Por iso empregaremos unha serie de estratexias que permiten levar a cabo a nosa labor, respectando as peculiaridades de cada un dos alumnos e alumnas, que se citan a continuación, sen esquecer que os seus intereses, motivacións e necesidades son diferentes.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NA AULA:

Diversidade metodolóxica (fomentando a interacción cos iguais, realizando agrupamentos fléxibles):

- TAREFAS GRUPAIS: RECANTOS.
- TRABALLO EN PEQUENOS GRUPOS COOPERATIVOS.
- PROXECTOS (ABP)
- ASAMBLEAS.
- AXUDA ENTRE IGUAIS.
- TRABALLO INDIVIDUAL.

Organización flexible do tempo:

- Establecendo tempo para actividades grupais e individuais, libres e dirixidas.
- Axustando e dando o tempo necesario a cada neno ou nena para realizar as tarefas.

Fomentando a autonomía e a responsabilidade dos nenos e nenas:

- Desenvolvendo hábitos de hixiene, vestido, comida e orde.
- Desenvolvendo hábitos de conduta (saúdo, agradecemento...) e habilidades sociais.
- Traballando a educación emocional na aula (sesión semanal).
- Establecendo unhas normas e límites claros, así como as consecuencias dos comportamentos.
- Reforzando os seus logros e esforzos. Farémolo con agasallos de adhesivos, agasallos de cartóns, palabras positivas...
- Ofrecerlles alternativas nas súas eleccións, o que incentiva a toma de decisións e a aceptación das consecuencias dos seus actos.
- Fomentando a resolución pacífica dos conflitos, a través do diálogo, presentándolles pautas a seguir e estratexias de negociación.

Fomentar a interacción cos iguais: Cos máis pequenos, a interacción con outros iguais posibilita iniciar a aprendizaxe para a vida en sociedade (cooperación, condutas prosociais, resolución de conflitos, facerse valer e entender,...). Isto faise a través de distintas actividades en gran grupo (assemblea ou xogos dirixidos ou espontáneos), pequeno grupo (distintas tarefas grupais que emanan das distintas propostas da aula e o traballo por recantos, grupos cooperativos), a axuda entre iguais.

Axuda entre iguais: Entre os pequenos xorden espontaneamente accións de axuda en relación a outros compañeiros e compañeiras, como ensinar a facer un crebacabezas, ir buscar ao compañeiro que se despistou, axudarlle a poñerse o abrigo,... Así o alumnado de forma continua e natural, aprenden uns doutros durante o xogo e conversacións informais. Estas accións de axuda dos pequenos cos compañeiros son potenciadas polo profesorado, pois trátase de desenvolver actitudes de cooperación.

Tarefas grupais/grupos cooperativos: Son unha maneira de enriquecer as posibilidades intelectuais e afectivas do grupo e dos seus compoñentes. Cos agrupamentos pretendemos crear a conciencia de que o coñecemento se constrúe entre todos, recoñecendo as necesidades de cada un, e permitindo que cada un progrese en función das súas capacidades e en función tamén das posibilidades que lle procuren as relacións cos seus compañeiros e demais persoas da súa contorna. Unha das vantaxes das tarefas grupais é que os alumnos con dificultades poden resolver algunhas delas coa axuda dos seus compañeiros sen que necesariamente teña que intervir o mestre. Isto contribúe a fomentar a súa autonomía e a desenvolver actitudes de cooperación, así como a valorar o traballo en equipo como un medio para lograr resultados máis completos e elaborados que os que se conseguen individualmente.

O traballo por recantos: permite realizar actividades adaptadas ás características de todos os nenos e nenas do grupo-clase. Significa que cada neno/nena irá avanzando segundo as súas propias capacidades, á vez que posibilita ao docente observar o avance no proceso de aprendizaxe de cada individuo, escoitar e atender as necesidades dos nenos e nenas en diversas situacións de aprendizaxe.

Sesión semanal do programa de estimulación da linguaxe oral (PELO), por parte do profesorado especialista (AL), e que ten como principal finalidade conseguir un maior dominio da competencia lingüística nas súas tres grandes dimensións dentro da etapa, é dicir, forma, contido e uso. Preténdese sobre todo, cunha metodoloxía participativa e lúdica, favorecer a espontaneidade da linguaxe, a participación en grupo con finalidade comunicativa e o xogo como ferramenta de acceso á linguaxe.

En definitiva, en calquera das intervencións que se plantexan dentro da aula, preténdese que na medida do posible, todo o alumnado teña a oportunidade de intervir con aportacións persoais, participar dentro do grupo, expresar sentimentos e opinións, respectar quenendas de fala e por suposto, promover a escoita activa.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.			X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal.			X	X				
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X		X	X	X	X	X	
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.	X	X		X				
ET.5 - Educación para o consumo responsable.	X					X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.	X		X		X	X	X	

	UD 9	UD 10
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional.		
ET.2 - Hábitos de control corporal.		
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.		
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.		
ET.5 - Educación para o consumo responsable.		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos.		

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades do PDI.	Actividades relacionadas co PDI da Biblioteca Escolar sobre O REI LEÓN.	X	X	X
Saídas de carácter didáctico e cultural.	Saídas a museos, á contorna...	X	X	X
Día Mundial do Sorriso.	6 de outubro. Celebrarémolo na aula cunha actividade por definir.	X		

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Día das Bibliotecas Escolares.	O 24 de outubro celebramos o Día das Bibliotecas Escolares coa realización dunha videoconferencia a nivel de centro coa ilustradora Luz Beloso. Durante ese día e en días posteriores procédese a entrega dos carnet de biblioteca, explicación na aula do funcionamento da biblioteca escolar e posta en funcionamento da mochila viaxeira da aula.	X		
Samaín.	Celebramos o Samaín con diversos obradoiros (cociña, maquillaxe, manualidades e baile).	X		
Magosto.	Celebramos o Magosto coa degustación de castañas asadas e xogos tradicionais.	X		
Día Universal da Infancia.	Realizamos unha asemblea temática na aula.	X		
Día Internacional contra a Violencia de Xénero.	Celebramos o Día Internacional contra Violencia de Xénero coa narración dun conto relacionado co tema na aula e a súa análise posterior. Tamén elaboramos un cartel cun lema conmemorativo.	X		
Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.	Celebramos a conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía do 30 de novembro ao 7 de decembro. Actividade pendente de concretar.	X		
Día Internacional das Persoas con Discapacidade.	Celebramos o Día Internacional das Persoas con Discapacidade coa visualización da Curtametraxe "Cordas" e falamos sobre o visto. Posteriormente facemos unha actividade que consiste en dicir unha característica positiva do compañeiro do lado.	X		
Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Celebramos o Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos o 12 de decembro por coincidir o día 10 en sábado. Realizamos unha asemblea para a valoración da súa importancia.	X		
Festa de Nadal.	Celebramos o fin do primeiro trimestre cunha festa de Nadal na que se farán distintos obradoiros.	X		
Día Internacional da Educación.	Celebramos o Día Internacional da Educación reflexionando sobre o que é a educación e a súa importancia, así como analizamos se todo o mundo ten ese dereito. Tamén facemos un acróstico a modo de mural da palabra educación.		X	
Día Escolar da non Violencia e da Paz.	Celebramos o Día Escolar da non Violencia e da Paz o 30 de xaneiro coa visualización da curtametraxe "A ponte" e o seu análise posterior. Tamén realizamos unha actividade colaborativa a nivel de aula.		X	
Entroido.	Celebramos o entroido cunha festa.		X	
Día de Rosalía de Castro.	Celebramos o Día de Rosalía de Castro o 23 de febreiro coñecendo un pouco sobre a escritora destacada. Seleccionamos un dos seus poemas e realizamos unha actividade a partir do mesmo.		X	
Día Internacional da Muller.	Celebramos o Día Internacional da Muller o 8 de marzo. Actividade pendente de concretar.		X	
Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.	Celebramos o Día Mundial dos Dereitos do Consumidor o 15 de marzo. Actividade pendente de concretar.		X	



Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Semana da Prensa.	Celebramos a Semana da Prensa do día 6 ao 10 de marzo. Traballamos coa prensa na aula.		X	
Rematamos o segundo trimestre.	Celebramos o fin do segundo trimestre cunha festa especial que será o día 31 de marzo.		X	
Días das Artes Galegas.	Celebramos o Día das Artes Galegas, 1 de abril.			X
Día Mundial da Saúde.	Celebramos o Día Mundial da Saúde o 11 de abril. Actividade pendente de concretar.			X
Semana do Libro.	Celebramos a Semana do Libro a semana do 22 ao 26 de abril. Actividades pendentes de concretar co Equipo de Biblioteca.			X
Día Internacional contra o Acoso Escolar.	Celebramos o Día Internacional contra o Acoso Escolar o día 2 de maio. Pendente de concretar.			X
Día de Europa.	Celebramos o Día de Europa o 9 de maio coñecendo a importancia da Unión Europea e algunha das bandeiras dos países de Europa.			X
Semana das Letras Galegas.	Celebramos a Semana das Letras Galegas do 13 ao 16 de maio. Coñeceremos ao homexado deste ano e realizaremos outras actividades pendentes de concretar co EDLG.			X
Día Mundial do Medio Ambiente.	Celebramos o Día Mundial do Medio Ambiente o 5 de xuño cunha actividade pendente de concretar.			X
Voz Natura.	Saída de Voz Natura a cal está pendente de concretar.			X
Saída de fin de curso.	Saída de fin de curso no mes de xuño a cal está pendente de concretar.			X
Rematamos o curso.	Celebramos o fin do terceiro e último trimestre cunha festa especial.			X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado.
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización de actividades adecuadas.
Empréganse diversos recursos didácticos.

Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso segundo as características de cada alumnado.

**Descrición:**

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza e así poder modificalo e melloralo.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens ao rematar cada trimestre.

**9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36002220	CEIP Cabada Vázquez	A Estrada	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	6º Inf.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

## 1. Introducción

O acordo entre o Estado español e a Santa Sé sobre ensino e asuntos culturais contempla o dereito a recibir ensinanzas de relixión católica. Conforme a isto, a disposición adicional segunda da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación establece que se incluírá a relixión católica como área ou materia nos niveis educativos que corresponda.

E no Real Decreto 95/2022 de 1 de febreiro dispónse que esta materia incluírase no segundo ciclo desta etapa educativa e que será competencia da xerararquía eclesiástica da Igrexa católica a determinación do correspondente currículo.

Neste marco as ensinanzas de relixión católica son de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias.

O CEIP CABADA VÁZQUEZ está situado na parroquia de Codeseda, que pertence ao concello da Estrada. Atopámonos nunha zona rural pero dende fai 12 anos acode a este centro alumnado procedente do núcleo urbano

O colexio atende a alumnado procedente das parroquias de Codeseda, Nigoí, Rivela, Sabucedo, Lirípio Tabeiros e Parada

Contamos polo tanto con alumnos/as tanto do medio rural coma do medio urbano.

O número de alumnos e alumnas que elixen a opción de relixión católica oscila entre o 65 e o 70 por cento, se ben nos últimos anos nótase certa tendencia a baixar, en consonancia coa realidade sociolóxica xeral.

A proposta educativa desta materia favorece o proceso educativo do alumnado, a sensibilidade espiritual e o despertar da experiencia relixiosa. Axuda a comprender e mellorar a nosa tradición cultural, as súas expresións e significado en contextos plurais e diversos.

Tamén complementa a necesaria educación en valores humanos e cristiáns.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1			1	1			
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.					1	1		
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrinto nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.						1	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.							1	1
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.	1					1		
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1							1

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que bonito é o mundo		6	X		
2	Xesús nace nos nosos corazóns		8	X		
3	Xesús quere-me e cóidame		5		X	
4	Chega a Semana Santa		6		X	
5	A Virxe María e as tradicións		5			X
6	A comunidade dos cristiáns		5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que bonito é o mundo	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É autónomo para facer algunha atcvidades cotiás básicas.	TI
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando productos artísiticos.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.</li> <li>- O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá.</li> <li>- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.</li> <li>- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.</li> <li>- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.</li> <li>- Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos.</li> <li>- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión.</li> <li>- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.</li> <li>- Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común.</li> <li>- A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus.</li> <li>- Identidade cristiá e contorna social.</li> <li>- A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	Xesús nace nos nosos corazóns	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola	TI
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo ( pintura, escultura, arquitectura...)	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
